

## Coa lembranza dos momentos compartidos

**Fermín Bouza**

### Formas de citación recomendadas

#### 1 | Por referencia a esta publicación electrónica\*

BOUZA, FERMÍN (2011 [2011]). “Coa lembranza dos momentos compartidos”.

En Anxo Angueira e Teresa Bermúdez (eds.), *Que lle podo ofrecer a quen me intente? Monográfico Lois Pereiro*. Vigo: Xerais / Universidade de Vigo, 15-17. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura.

<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1082>>.

#### 2 | Por referencia á publicación orixinal

BOUZA, FERMÍN (2011). “Coa lembranza dos momentos compartidos”. En Anxo Angueira e Teresa Bermúdez (eds.), *Que lle podo ofrecer a quen me intente? Monográfico Lois Pereiro*. Vigo: Xerais / Universidade de Vigo, 15-17.

\* Edición dispoñíbel desde o 30 de agosto de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

## COA LEMBRANZA DOS MOMENTOS COMPARTIDOS

Fermín Bouza

Universidade Complutense de Madrid

Hai pouco escribín en *El País*, edición de Galicia, un pequeno artigo («Lois en el recuerdo»<sup>1</sup>) no que contei moi brevemente algo que xa contara nun libro colectivo que preparaba a SEEC (Sociedad Estatal de Conmemoraciones Culturales) e que, polo de agora, non se deu publicado. Quizais este ano o publiquen, co gallo do Día das Letras Galegas na memoria de Lois Pereiro. Contaba alí e mais en *El País* unha viaxe patafísica que fixemos o mesmo Lois, a miña muller Carme e eu mesmo de Monforte a Santander. É unha narración necesaria porque ese foi o tempo mínimo no que eu tratei realmente a Lois, á marxe das coincidencias xeográficas que puideramos ter en Madrid nalgunha movida galega ou política ou literaria, que sen dúbida existiu sen que eu teña memorias nidias de cando e como. A quen eu máis trataba daqueles estudantes era o seu irmán Xosé Manuel, a Manolo Rivas e o chamado Suso o *Gaiteiro* (Suso Iglesias) que andaban en diversas trangalladas de variada orde. Dende logo literarias (*Loia*) e, ás veces, políticas. En *Loia* cheguei a escribir algún romance de feira en ton menor, nada substancial, pero si participei dunha certa axitación cultural co gallo daquela revista histórica.

A viaxe a Santander foi para asistir a unha festa colectiva, case un *happening*, organizado pola UIMP, festa na que andaban Manuel Rivas, Xosé Manuel Pereiro, Antón Reixa e outras xentes da época. No Anexo (A, B e C) pódense ver crónicas de *La Vanguardia* (14 de agosto de 1986) e *El País* (2 e 13 de agosto de 1986), a primeira delas de Xosé Manuel Pereiro). A [16] intervención de Lois na mesa que cita a crónica A do anexo foi antolóxica, e nela resumiu a súa actitude dicindo algo así como que postos a viaxar nós preferiamos o océano Índico. Parece algo moi inocente, pero alí caeu como unha bomba que fixo voar polos aires o exceso de Mediterráneo, que xa era de máis e chegaba a ser mesto, con tanto saber clásico e tanta leria culta. Un norte cheo de pobos bárbaros eran a alternativa, na mente daqueles ilustrados, á sapiencia infinita dos mediterráneos.

Foron intres positivos e cada un volveu ao seu niño, até hoxe, os que até hoxe chegamos. Non é o caso de Lois, vencido xa daquela pola colza, que lle roubou a vida e esperanza.

Non o vin máis. Un día chegoume o seu libro *Poemas 1981/1991*<sup>2</sup>, mandado por Xosé Manuel, cunhas letras da súa man do ano 1994 (*Para Fermín Bouza, coa lembranza dos momentos compartidos*) que aínda me emocionan e me devolven a aquela viaxe de canción e poesía cruzando a Terra de Campos nunhas horas eternas que até se nos fixeron curtas.

<sup>1</sup> [http://www.elpais.com/articulo/Galicia/Lois/recuerdo/elpepuespgal/20100709elpgal\\_18/Tes](http://www.elpais.com/articulo/Galicia/Lois/recuerdo/elpepuespgal/20100709elpgal_18/Tes)

<sup>2</sup> Edicións Positivas, Santiago, 1992.

Lois premía no poema até sacarlle o zume e logo miraba para min, seguro de que eu entendería. Entendín. Logo dicíalle eu cousas miñas e el facía a súa hermenéutica. Tamén Carmen interpretaba. Foi unha viaxe fermosa e inesquecible.

Daquel libro de Lois todo me gustou (cousas do libro xa llas oíra no coche), pero sobre todo a mesma impostura do poeta, a súa disposición fronte ao mundo, as súas ganas de non fuxirille, de encaralo, cantalo, interpretalo e, se pode, esmagalo coas súas propias mans: «Demostrar que hai distancias / principios filosóficos / nun corpo exposto a todo / que non ceden e acollen / certo reflexo falso na súa esencia...» A grandeza da mente fronte a un virus, a unha doenza, ao que chega a invadirmos dende a idea da fin das cousas. Así nós, velaí a fonte das angustias, esa indiferenza do mundo, tan lonxe e tan preto, tan por riba de nós, tan por baixo. Pero o mundo é titánico, e muda as cousas, destrúeas, esváeas: «O fume en espirais / cara á choiva que agarda / o golpe e a desfeita / inevitable.»

Para cando a desfeita última?: «A forza é sempre a mesma en corpo alleo / e a doenza mortal a que preciso / para amarte de lonxe / mentres poida. / Xa non podo ver nada ó meu redor / que signifique mais ca miña sombra. / En soños defíninme como unha aparición / que se abre as veas en público / sentindo diante miña / un firme invisible / punto final / no aire.»

Este feixe de fermosísimos poemas son unha despedida, é unha filosofía da vida dende a fiestra dun home debruzado na mesma vida vista dende un [17] tren que sempre segue, un tren índose, e ollándonos así dende os seus ollos de tren que segue cara ao túnel, coma o tren-piollo escocés («O tren fura paisaxes coma un piollo / nos cabelos escuros / da Escocia escurecida / ...»), camiño de quen sabe.

Hai unha transitoriedade na poesía de Lois, camiño de deus sabe que cousa, que sempre está abrindo espazos nunca vistos polo mero feito de seguir e non parar, viaxeiro de sombras inaugurando estacións baleiras, e nesa escura viaxe deica a morte presentida un camiño de imaxes da mesma cidade, da mesma vida que fulxe («Chovendo para ferir unicamente / esta noite industrial definitiva / ...»), sempre para ferir.

O mundo de Lois é o mundo dos seus dramas íntimos e das súas paisaxes desoladas, o mundo das súas doenzas coma cans, roubándolle o espazo vital para embarcalo a destempo na viaxe inevitable: «Cal morto xa / ou vencido / falo sen min / e durmo / no desastre / ...». Como quen fai as maletas, Lois fai poemas, retratos do instante dende a fiestra que o leva e dende a que olla para nós mentres move a man da despedida e ascende ao ceo cando pechamos o libro, imaxe dun milagre que hoxe se repite para min lembrando a súa voz e a súa cara no retrovisor do coche que levaba aquel verán a unha parte substancial das *Forzas atroces do Noroeste*: Lois, Carmen e eu mesmo, camiño de ningures, pero chegando axiña. Todo chega.

Chamberí, Madrid, 26 de xaneiro do 2011